

día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Asinado pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, dona Ana Prieto Nieto.

Lugo 11 de abril do 2016.- Tenenta de Alcalde-Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, Ana Prieto Nieto.

R. 1028

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de marzo de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA PRESTACION DO SERVIZO DE CENTRO DE DIA "NOVO ANTONIO GANDROY"

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto do presente contrato a prestación do servizo de Centro de día "Novo Antonio Gandoy" de atención ás persoas maiores de titularidade municipal.

b) **Prazo de execución:** UN ANO contado dende a data de sinatura da acta de inicio do contrato, podendo ser prorrogable por outro período máximo anual por mutuo acordo das partes (a empresa contratista, de ser o caso, debera comunicar cunha antelación mínima de tres meses a súa intención de non continuar co contrato) sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de DOUS ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- Tipo de licitación. Orzamento.

O valor estimado do contrato ascende a 766.973,26 euros IVE excluído

5.- Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-72-56, 29-71-45

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

6.- **Garantías:** Definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE

7.- **Requisitos do contratista.**

b) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** **15 días naturais** contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula decima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipais

b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 69,94 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 6 de abril do 2016.-O ALCALDE, TENENTE – ALCALDE DA AREA, Ana Prieto Nieto

R. 1029

MONFOTE DE LEMOS

Anuncio

En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro, expóñense ao público no Concello de Monforte de Lemos, as matrículas do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2016 dende o 12 de abril ata o 30 de abril de 2016

Contra os actos administrativos de inclusión, exclusión ou alteración de datos censais cabe interpoñer no prazo dun mes a contar dende o inmediato seguinte ao termo da exposición da matrícula, recurso de reposición ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou reclamación económico administrativo ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional

Monforte de Lemos, 11 de abril de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 1049

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobado os PADRONS de:

Tasa SAF periodo marzo de 2016.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

Del 22 de abril 2016 ao 22 de maio de 2016.